

ANIMACIÓN
SOCIOCULTURAL E
FESTASÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPALCONCELLO
DE VIGO

Expediente n.º: 9948/335

Asunto: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS PARA A CABALGATA DE REIS MAGOS 2024**MEMORIA ECONÓMICA****1.-OBXECTO**

O servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ten previsto entre as súas actividades de carácter sociocultural a organización da Cabalgata de Reis Magos o día 5 de xaneiro de 2024, polo que se fai necesaria a contratación do servizo de animacións que acompañan á Comitiva Real dos Reis Magos e o/a Carteira/o Real que permitan o desenvolvemento do evento.

O obxecto deste contrato é a contratación das prestación do **servizo de animacións para a CABALGATA DE REIS MAGOS 2024.**

2.- LOTES

Prevese a división do obxecto contrato en lotes, toda vez que a natureza e o obxecto do contrato o permiten, de conformidade co artigo 99.3 da LCSP. En consecuencia cada lote constitúe unha unidade funcional independente. Desta maneira o obxecto do contrato divídese nos seguintes **LOTES (3)**:

LOTE 1 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de baile e música con temática e cun elemento móbil.

Este lote inclúe OITO espectáculos de animación coas seguintes características:

1.- CATRO espectáculos/animación que desenvolveranse durante tres horas na cabalgata estática denominada RECINTO. Composición mínima: 10 persoas.

Os elementos móbiles de cada unha das animación terán as seguintes medidas:

- 4 x 3 mts e irá adornado con luces LED.
- 15 mts de longo e irá adornado con luces LED.
- 8 mts de longo e irá adornado con luces LED.
- 6 mts de longo e irá adornado con luces LED.

2.- CATRO espectáculos/animacións que desenvolveranse durante tres (3) horas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:17	Páxina 1 de 5
9948-335	CSV: AAA33D-448BA4-B7D448-GVTY41-7ZHKWQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

na cabalgata dinámica denominada PERCORRIDO. Composición mínima: 20 persoas.

Os elementos móbiles de cada unha das animacións terán as seguintes medidas:

- 4 x 3 mts e irá adornado con luces LED.
- 15 mts de longo e irá adornado con luces LED.
- 8 mts de longo e irá adornado con luces LED.
- 6 mts de longo e irá adornado con luces LED.

Cada un dos OITO espectáculos contará con música propia que poderá ser en directo ou pregrabada. A estética das animacións mais do elemento móbil será acorde coa temática da Cabalgata de Reis 2024 "Mar e fantasía".

LOTE 2 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de baile e música con temática e cun elemento móbil.

Este lote inclúe CATRO espectáculos de animación coas seguintes características:

- DOUS espectáculos/animación que desenvolveranse durante tres (3) horas na cabalgata estática denominada RECINTO. Composición mínima: 10 persoas.
- DOUS espectáculos/animacións que desenvolveranse durante tres (3) horas na cabalgata dinámica denominada PERCORRIDO. Composición mínima: 20 persoas.

Os elementos móbiles en todos os casos terán unhas medidas mínimas de 2 mts de longo e irán adornados con luces LED. As medidas de 2 metros de longo será como mínimo en DOUS dos CATRO espectáculos. Nos outros dous as medidas serán libres.

Cada espectáculo contará con música propia que poderá ser en directo ou enlatada. A estética das animacións mais do elemento móbil será acorde coa temática da Cabalgata de Reis 2024 "Mar e fantasía".

LOTE 3 ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de baile e música con temática, cun elemento móbil e con persoas que incorporen algún tipo de discapacidade.

Este lote inclúe dous espectáculos de animación coas seguintes características:

- Un (1) espectáculo/animación que desenvolverase durante tres (3) horas na cabalgata estática denominada RECINTO. Composición mínima: 10 persoas. O 10% dos componentes, como mínimo, serán persoas con algún tipo de discapacidade.
- Un (1) espectáculo/animación que desenvolverase durante tres (3) horas na cabalgata dinámica denominada PERCORRIDO. Composición mínima: 20 persoas. O 10% dos componentes, como mínimo, serán persoas con algún tipo de discapacidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:17	Páxina 2 de 5
9948-335	CSV: AAA33D-448BA4-B7D448-GVTY41-7ZHKWQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os elemento móbiles en todos os casos irán adornados con luces LED.

Cada espectáculo contará con música propia que poderá ser en directo ou enlatada. A estética das animacións mais do elemento móbil será acorde coa temática da Cabalgata de Reises 2024 "Mar e fantasía".

3.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da Lei 9/2017.

En cumprimento do estipulado no artigo 100 da LCSP, para acadar o importe do orzamento base de licitación realizouse unha estimación desagregada de custos tívéronse en conta os prezos dos contratos similares tramitados por este servizo en anos anteriores (expte. Nº 8483-335).

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo abonarase en función da prestación realmente executada, que servirá como base para a execución deste contrato.

Xustificación e desagregación do orzamento base de licitación:

O desglose do presuposto base de licitación, elaborado de conformidade co disposto nos artigos 100 e 309 da Lei 9/2017, e so seguinte:

CUSTOS ESTIMADOS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:17	Páxina 3 de 5
9948-335	CSV: AAA33D-448BA4-B7D448-GVTY41-7ZHKWQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LOTE	UD.	CONCEPTO	PRECIO UNITARIO S/IVE	PRECIO TOTAL S/IVE	PRECIO UNITARIO C/IVE	PRECIO TOTAL C/IVE	
LOTE 1	1	Espectáculo de 3 horas RECINTO	4.000,00 €	4.000,00 €	4.840,00 €	4.840,00 €	
	1	Espectáculo de 3 horas RECINTO	5.000,00 €	5.000,00 €	6.050,00 €	6.050,00 €	
	1	Espectáculo de 3 horas RECINTO	4.500,00 €	4.500,00 €	5.445,00 €	5.445,00 €	
	1	Espectáculo de 3 horas RECINTO	5.000,00 €	5.000,00 €	6.050,00 €	6.050,00 €	
	1	Espectáculo de 3 horas PERCORRIDO	10.000,00 €	10.000,00 €	12.100,00 €	12.100,00 €	
	1	Espectáculo de 3 horas PERCORRIDO	7.500,00 €	7.500,00 €	9.075,00 €	9.075,00 €	
	1	Espectáculo de 3 horas PERCORRIDO	8.500,00 €	8.500,00 €	10.285,00 €	10.285,00 €	
	1	Espectáculo de 3 horas PERCORRIDO	9.500,00 €	9.500,00 €	11.495,00 €	11.495,00 €	
	Total Lote 1						65.340,00 €
	LOTE 2	1	Espectáculo de 3 horas RECINTO	5.000,00 €	5.000,00 €	6.050,00 €	6.050,00 €
1		Espectáculo de 3 horas RECINTO	3.500,00 €	3.500,00 €	4.235,00 €	4.235,00 €	
1		Espectáculo de 3 horas PERCORRIDO	9.500,00 €	9.500,00 €	11.495,00 €	11.495,00 €	
1		Espectáculo de 3 horas PERCORRIDO	3.500,00 €	3.500,00 €	4.235,00 €	4.235,00 €	
Total Lote 2						26.015,00 €	
LOTE 3	1	Espectáculo de 3 horas RECINTO	3.500,00 €	3.500,00 €	4.235,00 €	4.235,00 €	
	1	Espectáculo de 3 horas PERCORRIDO	3.500,00 €	3.500,00 €	4.235,00 €	4.235,00 €	
	Total Lote 3						8.470,00 €
TOTAL			82.500,00 €	82.500,00 €	99.825,00 €	99.825,00 €	

O **valor estimado do contrato** ascende á cantidade de **82.500,00 €**. O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevé modificación nin prórroga ao seren servizos a realizar en corto período de tempo.

O **orzamento base de licitación** ascende á cantidade de **99.825,00 €**, sendo o importe correspondente ao **ive 17.325,00 €** euros. O orzamento fixado ten valor máximo e determinará a exclusión de calquera oferta por un importe superior.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluirá, como partida independente o IVE. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

4.-REVISIÓN DE PREZOS.

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:17	Páxina 4 de 5
9948-335	CSV: AAA33D-448BA4-B7D448-GVTY41-7ZHKWQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

O gasto correspondente a este expediente podería imputarse como anticipado de gasto á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2024.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2023 incluído no contrato “Organización da Cabalgata de Reis 2024”, por un importe de 250.000,00 €.

Non existe na actualidade contrato vixente.

O acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, terá que ser público e electrónico.

6- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a presentación da correspondente factura, que será conformada polo responsable do contrato, ao finalizar as actividades programadas.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS
- b) Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO
- a) Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURAL

Vigo, data da sinatura dixital,
 A Xefa da área de Contratación e Novos Proxectos
 Beatriz Barbará Rodríguez

Conforme:
 A Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal
 Patricia Rodríguez Calviño



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:17	Páxina 5 de 5
9948-335	CSV: AAA33D-448BA4-B7D448-GVTY41-7ZHKWQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		